



RESOLUCIÓN

Nº Expediente: 2023/CONTRAT/000098

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO, DO “SUMINISTRO DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ” (SUBVENCIÓN Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) XUNTA CT404E - Modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais. PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION EU)

Vista a Providencia da Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Contratación que figura no expediente, na que se ordena que se incoe o procedemento para a contratación da execución do contrato “SUMINISTRO DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ”, figurando as características da mesma na documentación recibida polo Departamento de Contratación do Concello de Oleiros enviada polo Departamento de Cultura, na que figuran as propostas de gasto, a Memoria explicativa de data 14 de xullo do 2023 e os Pregos de Prescricións Técnicas, asinados o 14 de xullo do 2023.

Visto que o orzamento da presente licitación é de 38.857,46 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (8.160,07 €), o que supón un importe de 47.017,53 € IVE engadido, que se desagrega nos seguintes lotes:

	Orzamento sen IVE	IVE (21 %)	Total
LOTE 1 Proxector dixital láser	20.968,78 €	4.403,44 €	25.372,22 €
LOTE 2 28 focos LED	17.888,68 €	3.756,62 €	21.645,30 €
TOTAL	38.857,46 €	8.160,07 €	47.017,53 €

Esta obra será financiada a través dunha subvención da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) para a modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. O orzamento máximo subvencionable do proxecto presentado ascende a 50.000,00 € polo que a subvención proposta supón unha porcentaxe do 100%.

O prazo de execución do referido contrato para cada lote é de dúas semanas, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende as seguintes cantidades: LOTE 1. 20.968,78 €; LOTE 2. 17.888,68 €; TOTAL 38.857,46 €.





Visto que con data 18 de xullo do 2023, se emite informe xurídico pola Secretaría Municipal, no que se indica, entre outras disposicións relativas ao procedemento administrativo, que se ha de tramitar a contratación mediante un procedemento aberto simplificado sumario consonte ao artigo 159.6 LCSP, e visto tamén que o expediente se acompaña dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas, redactados conforme ao establecido na lexislación para a tramitación dun procedemento aberto simplificado sumario.

Visto que, no relativo á financiación, se emitiu informe pola intervención municipal con data 21 de xullo do 2023, no que manifesta a existencia de consignación orzamentaria e se fiscaliza de conformidade o expediente, realizando as seguintes Retencións de Crédito (RC):

ANUALIDADE	LOTE	PARTIDA ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
2023	1	80.3340.62300	RC 202300025517	25.372,22 €
	2	80.3340.62300	RC 202300025514	21.645,30 €

En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da LCSP, e considerando as atribucións conferidas a esta Tenencia de Alcaldía mediante Decreto da Alcaldía nº 2023003281, de 21 de xuño, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente para a contratación da “SUMINISTRO DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ”, polo importe de 38.857,46 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (8.160,07 €), o que supón un importe de 47.017,53 € IVE engadido, que se desagrega nos seguintes lotes:

	Orzamento sen IVE	IVE (21 %)	Total
LOTE 1 Proxector dixital láser	20.968,78 €	4.403,44 €	25.372,22 €
LOTE 2 28 focos LED	17.888,68 €	3.756,62 €	21.645,30 €
TOTAL	38.857,46 €	8.160,07 €	47.017,53 €

O prazo de execución do referido contrato, para cada lote, é de de dúas semanas, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a LOTE 1. 20.968,78 €; LOTE 2. 17.888,68 €; TOTAL 38.857,46 €.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que figuran no expediente e que rexerán o contrato.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto correspondente que comporta o presente contrato, unha vez que xa foi retido o crédito segundo se desprende das operación “RC” que se sinalan a continuación:





ANUALIDADE	LOTE	PARTIDA ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
2023	1	80.3340.62300	RC 202300025517	25.372,22 €
	2	80.3340.62300	RC 202300025514	21.645,30 €

CUARTO.- Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Oleiros, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de 10 días hábiles, a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación.

QUINTO.- Dar traslado aos departamentos municipais correspondentes e aos interesados, debido aos efectos implícitos ao acto administrativo, así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

SEXTO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Primeira Tenente da Alcaldía, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

